



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento
Código SIA
Expediente: PLN/2022/12
Trámite

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás nove horas e catro minutos.

1º.-SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.07.2022 (2022-0010). Elévase á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión ordinaria realizada con data 27 de xullo de 2022, para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria, aprobouse polo voto favorable dos membros asistentes ás mesma.

2º.- SERVIZOS SOCIAIS.- EXPEDIENTE 555/2022. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS: APROBACIÓN INICIAL. O alcalde cede o uso da palabra á secretaria para dar conta dos antecedentes que constan no expediente tras ter sido elevado á consideración da comisión Informativa de Benestar social e Igualdade con data 16 de xuño de 2022 no que se adoptou o seguinte ditame:

“ ...

1.- Ditaminar favorablemente a modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais.

2.- Que se expoña ao público a efectos de reclamacións, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presente reclamación ningunha.”

- Certificado do resultado da fase de audiencia e participación cidadá con expresión das achegas realizadas de 25 de agosto de 2022.

- Informe xurídico comprensivo dos trámites a realizar con motivo da elevación do expediente á aprobación inicial, no seu caso, de 2 de agosto de 2022.

- Informe da psicóloga municipal comprensivo da valoración e descrición das achegas que foron tidas en conta da proposta e das rexeitadas.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSOE. Hai varios escritos feitos polos veciños e pregunta se xa se lles contestou.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Ana M^a Varela Bastida, concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade. Aclara que non se trata dun escrito se non de achegas realizadas ao texto da proposta de modificación do Regulamento.

Pecha o debate o Alcalde para indicar que cando a veciñanza presenta escritos se dirixen a cada servizo ou departamento para que se lles dea resposta máis non cando se trata de achegas.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5PP+3PSOE) e cinco abstencións (4 EU-SON EN COMÚN+1BNG), o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 47.1º e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 132 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á proposta de modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais segundo a proposta de texto refundido asinada pola concelleira delegada de área de 9 de xuño de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dun trámite de información pública durante trinta días hábiles a computar dende o día seguinte ao de publicación de anuncio no BOP de A Coruña, taboleiro de anuncios da sede electrónica e portal de transparencia, e de xeito complementario o anuncio publicarase durante o mencionado prazo nos taboleiros dos centros educativos. Prazo durante o cal a veciñanza interesada poderá presentar as suxerencias ou escritos que estime por oportunos.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente escrito, reclamación ou suxerencias ningunha, o acordo ata entón provisional quedará elevado definitivamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación íntegra do texto refundido resultante no BOP de de A Coruña, taboleiro de anuncios da sede electrónica e portal de transparencia, entrando en vigor tras a realización do trámite e transcurso do prazo previsto nos artigos 65.2º e 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3º. SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Iníciase o exame deste punto da orde do día pola secretaria dando lectura á proposta de alcaldía de 4 de agosto de 2022 que conta co parecer conforme da Xunta de Voceiros segundo sesión realizada con data 25 de agosto de 2022.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

E non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e por trece votos a favor, sendo este o seu número total de membros, o Pleno prestou aprobación á proposta ditaminada adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Proponer como festas locais para o ano 2022 os seguintes:

- 7 de xaneiro de 2023
- 30 de maio de 2023, Voto de Chanteiro.

Segundo.- Proponer como suplente o seguinte:

- 19 de marzo de 2023.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que así se adopte á Consellería de Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá na primeira sesión que celebre.”

4. SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO. Dáse inicio ao exame deste primeiro punto da orde do día por parte de secretaría dando conta da presentación polo grupo municipal PSOE de escrito de moción con data 23 de agosto de 2022 dentro dos prazos marcados polo ROM, do que se deu traslado á Xunta de Voceiros en sesión realizada con data 24 de agosto de 2022 e na que tras unha exposición de motivos elévase á consideración do pleno a adopción dos seguintes acordos:

“ ...

Atendendo a situación exposta o Pleno do Concello de Mugardos insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar as queixas que está a recibir por parte de usuarios, colectivos e Administracións Locais sobre o funcionamento do transporte público por estrada en Galicia de cara a analizar os problemas presentados e poder darlle unha solución que seadapte ás necesidades das persoas usuarias.
2. Corrixir os pregos de contratación, realizando os cambios precisos, de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente ás necesidades dos veciños.
3. Retomar de inmediato de maneira rigorosa as súas labores de inspección e control, e no seu caso de sanción, co fin de que non se produzan incumprimentos nos contratos asinados entre as empresas adxudicatarias e a Xunta de Galicia nas liñas de servizoregular e transporte escolar”.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Inicia a súa intervención dando conta das queixas que se producen dende que cambiou a concesión do autobús e se insta a que se revise pola Xunta de Galicia para unha resposta axeitada e eficiente e faga uso das súas facultades de inspección control e no seu caso sancionadoras, resaltando de xeito significativo as queixas trasladadas en relación ao funcionamento do transporte escolar.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. O certo é que se fai unha análise polo miúdo na comarca presenta graves deficiencias e graves consecuencias xa que hai xente que queda nas paradas, cambio de frecuencias e itinerarios que se debe achacar á mala xestión da Xunta sobre a xestión do transporte e a iso hai que sumar a mala información na páxina web que no coincide coas que existe nas paradas creando unha situación caótica que impide ou obstaculiza o servizo e que afecte a xente con menos capacidade económica, mocidade e estudantes, agravando as consecuencias do cambio climático por non ser unha alternativa real ao uso do automóbil.

E insta a que se recuperen os horarios, frecuencias e itinerarios da anterior concesionaria que prestaba os servizos de forma satisfactoria.

E se aproba a moción sexa un primeiro paso xa que como concello tamén se colabora co transporte metropolitano. Xa pasou no ano 2016 cando se anulou as concesións do ano 2010 e espera que non aconteza o mesmo e se dea solución á veciñanza.

Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde-Portavoz do grupo municipal PP. Tamén descontentos en liñas xerais máis o concello fixo todo o posible por que se recuperaran liñas e se remitiron as queixas á Xunta de Galicia e se falou coa Dirección Xeral de Mobilidade, recuperándose rutas (6 ou 7) e destaca que como goberno se fai o que se pode, sobre todo nas parroquias nas que eran máis necesarias e como hai camiño para mellorar se van a sumar á moción por defender os intereses da veciñanza de Mugardos.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE - Desexa que a través da moción se sume para superar as incidencias e se executen as melloras que non se está a cumprir e sobre todo as entradas nos colexios.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, por nove votos a favor (5PP+3PSOE+1BNG) e catro abstencións (4EU-SON EN GALICIA), o Pleno de conformidade co establecido no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2de abril, de Bases do Réxime Local adoptou **acordo para instar á Xunta de Galicia a:**





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeiro.- Revisar as queixas que está a recibir por parte de usuarios, colectivos e Administracións Locais sobre o funcionamento do transporte público por estrada en Galicia de cara a analizar os problemas presentados e poder darlle unha solución que se adapte ás necesidades das persoas usuarias.

Segundo.- Corrixir os pregos de contratación, realizando os cambios precisos, de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente ás necesidades dos veciños.

Terceiro.- Retomar de inmediato de maneira rigorosa as súas labores de inspección e control, e no seu caso de sanción, co fin de que non se produzan incumprimentos nos contratos asinados entre as empresas adxudicatarias e a Xunta de Galicia nas liñas de servizo regular e transporte escolar”.

5º.- MOCIÓNS URGENTES.

Non se formulan.

4º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 25 de agosto de 2022:

“...
“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTOEXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 2100/2021. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial de A Coruña a documentación xustificativa relativa ao convenio de colaboración para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES-2022).”

5º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0695 AO 2022-0805

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE, presenta dous rogos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Cara a vindeira sesión ordinaria a realizar polo Pleno se traslade por secretaría dentro do punto de estado de execución de acordos precedentes, o estado de tramitación de sendas mocións aprobadas polo Pleno en relación co IBI do Casino Mugardés e para a substitución dos vales de compra de servizos sociais por tarxetas monedero.
- Nin se da conta en Comisión Informativa nin existe un informe sobre as labores municipais en materia de xestión da biomasa.
- Cambio dos focos do salón de sesións e que se dea prioridade ao pago dos convenios cos Casinos.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá:

- En canto ao pago de convenios das subvencións nominativas aos Casinos. Tan só quedan dous: o Casino de Franza que ten pendente a renovación da directiva e do Casino Mugardés estima que na presente semana podan asinar o convenio.
- Contenedor marrón: levouse ao pleno da mancomunidade 10.07.2022 e deuse conta na xuntanza de voceiros. Dado o prazo marcado ningún concello pode cumprir e por tal motivo aumentouse ata finais do ano que ven. Vaise realizar unha xuntanza entre todos os habilitados salvo Ferrol e Fene, unha vez pasado o periodo estival para sacar unha licitación conxunta.
- Mercado: nos orzamentos 2022 hai consignada unha partida á que hai que unir a IR e o importe da subvención. Se ten solicitado unha axuda con cargo aos Fondos Next Generation para que poda sacarse a licitación antes de finais de ano.

José Ángel Martínez Bardanca: resposta que os prazos non axudan

O indicado concelleiro delegado indica que a obra farase igual sen financiamento externo.

Ignacio Fernández Fernández, grupo municipal PSdG-PSOE:

Preguntas (reprodúcese segundo escrito presentado con data 23.08.2022, número rexistro entrada 2022-E-RPLN-17):

-“ O día 25 de Agosto de 2022 o concello anunciou o listaxe de admitidos para o “PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 5 PEÓNS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE MUGARDOS”.

¿consideraron a posibilidade de desistir da contratación debido a finalización do verano? En caso negativo ¿a que se van a dedicar os traballadores empregados a través desta convocatoria?”

-O 11/08/2022 a Xunta de Goberno local acordou de desestimento do procedemento de licitación do contrato administrativo “servicio de redacción do proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción da biblioteca municipal” ¿o proxecto se licitará neste ano 2022, ano no que temos aprobado os orzamentos que inclúen a partida para a súa contratación?

Rogo:

Se eleve á consideración do Pleno a modificación da relación de postos de traballo para a que xa existe acordo da Mesa Xeral de Negociación.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá:

- RPT pendente de informe da intervención para ser elevado a comisión informativa.
- Limpeza de praias con data 25 de agosto de 2022 se publicou a listaxe de contratación. Non vai a desistir xa que non remata co verán e con este expediente e con outros tiveron problemas e se falou con concellos da contorna porque a subvención concedeuse o 7 de xullo de 2022. Este ano seguiu co procedemento ordinario como o concello de Cabanas e alternativa é esa ou renunciar e contratar unha empresa. Os principais problemas que se trasladaron á FEMP é que teñen problemas serios coas contratacións temporais (auxiliar de policía, praias...) en función á normativa laboral e é complexo. Máis o reparo levantouse polos compromisos co emprego. Os traballos non só será limpeza da Praia de Bestarruza se non tamén limpeza do litoral e enumera unha listaxe. E non houbo queixas pola veciñanza polo estado das praias e destaca a grande labor da concellería de obras e servizos polo que non se vai a desistir da contratación.

Alcalde: non é un tema menor e quere facer unha reflexión. E todavía non ten menos lóxica que a Deputación non se adapte á propia reforma laboral. E se fixeron varias consultas sobre o encaixe das bases e se está a esperar a resposta xa que deixa a responsabilidade da contratación nos concellos. E despois se teñen que levantar os reparos. E por iso tamén se terá que facer unha moción para que a reforma laboral non prexudique aos concellos e vaia en contra do fomento do emprego público, e se non cumpre a normativa haberá que levantar os reparos e informes xa que pese a elo





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

apostouse pola contratación. E espera que o estado rectifique e non foi un verán pacífico para os alcaldes de España.

José Angel Martínez Bardanca destaca que as preguntas deben dar lugar a respostas e non a novas preguntas e alegatos de carácter político.

Prosigue o Alcalde. En canto ao desestimento e licitación da biblioteca: xa se licitou e quedou deserta e así se reflicte nas actas XGL. Vaise a sacar novamente con tan to a redacción tras as adaptacións do PCAP por que ten prioridade máxima.

Marta Ruíz del Ganso, grupo municipal PSdG-PSOE

Preguntas (reprodúcese segundo escrito presentado con data 23.08.2022, número rexistro entrada 2022-E-RPLN-17):

- "...Nas resolucións de alcaldía e concelleiros do punto sete do pleno continuamos a atoparnos con reparos de intervención en relación o pago polo servizo de xestión do complexo Acuático do Castro.

Para evitar estes reparos son necesarios presentar a liquidación das contas dos últimos anos e mais renovar o convenio entre os Concellos de Mugar dos-Ares. ¿poden decirnos cando van a presentar as contas, e tramitar o novo convenio?...".

- "...No pasado mes de xullo o concelleiro de obras anunciou que as obras do aparcamento no entorno do colexio Loyola se estaban a executar.

As obras de ampliación da Escola Infantil teñen os prazos de execución cumpridos. As Ampas teñen dos colexios públicos teñen solicitadas algunhas reparacións. ¿poden indicarnos se temos novos prazos para a execución de estas obras?...".

E formula un rogo: que se eleven á consideración da comisión informativa as contas das festas do ano 2022 de ingresos e gastos.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.

Respecto das contas indica que as ten a tesourerira e o xoves 16.06.2022. Con data 16 de xuño 2022 se mantivo unha reunión co concello de Ares e de conformidade coa mesma se practicou requirimento para que a empresa presentase documentación para que se poda completar o exame das contas e pago de anualidades. Confía en que por parte de intervención e secretaría se poda colaborar co concello de Areas para que poda ser elevado á consideración da vindeira sesión plenaria. Tamén de falou de facer o muro de contención e tamén por parte do concello de Ares do cambio enerxético e na seguinte comisión darase información.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A continuación intervén o concelleiro delegado de Obras e Servizos: en relación ás obras no entorno do colexio Loyola faltaba o plan de seguridade e saúde da obra nesta semana ou a que ven iniciárase as obras. En canto as obras solicitadas polos ANPAS relata as obras realizadas e que faltan por executar en Franza e Mugardos. Engade as dificultades do prezo do corcho.

De seguido toma a palabra o Alcalde: traslada que o contratista esgotou o prazo de execución e xa se deu conta que se iniciou un procedemento de resolución. Se están realizando os trámites para remitir ao Consello Consultivo, incautación de garantía e tras todo elo e paralelamente se licitará a obra e se sacará o antes posible. O concelleiro delegado de Obras e Servizos engade que se resolvieron a semana pasada as derradeiras alegacións presentadas pola empresa e se falou coa dirección de obra para que se podan acometer as medidas de seguridade e se darán as indicacións á empresa.

Neste momento abandona o salón de sesións a concelleira Begoña Roldós Iglesias.

Argemino Varela Filgueiras

Rogo:

Que se proceda á contestación das peticións das licenzas de vado. Hai unha solicitude en Contramaestre Casado que leva máis de catro meses sen contestación.

O Alcalde indica que está pendente da emisión de informes técnicos pero é unha época mala por vacacións, a arquitecto técnico atópase de baixa e hai que priorizar o máis importante.

Sendo as nove horas e nove horas e cincuenta e sete minutos do trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

